



Antes de comezar a realizar o teu TFG debes informarte e para iso ningún lugar é mellor que a túa **biblioteca**, xa que nós somos especialistas en xestión da información e podemosche axudar a comezar con bo pe. A información crece a un ritmo vertixinoso e cada vez é maior o número de fontes nas que podes

atopara a información que buscas. Navegar por todas elas non é difícil se tes unha boa formación e para iso contas coa nosa axuda. Sigue os nosos consellos e a realización do teu TFG será moito máis doada.

1. Revisa ben a **normativa** antes de comezar a traballar, tes toda a información na web da Facultade. Ademáis no noso blogue tes unha páxina especial para TFG na que contas con bibliografía que che pode axudar.

2. **Reunir a información.**

a. BUSCAR.



A información que vas precisar vai estar recollida en gran variedade de **fontes** que denominamos primarias (monografías e artigos de revistas) e para poder localizalas vas ter que recurrir ás fontes secundarias e terciarias, ou o que é o mesmo, ás bases de datos, repositorios e

recolectores, buscadores académicos, catálogos... Todos estes recursos deben ser previamente interrogados para obter os datos e para iso é moi importante que realices unha boa **estratexia de busca**, que comezará cunha pregunta, unha frase, que irás analizando ata quedar cunha serie de palabras ou términos claves que definan o teu tema. Na elaboración da estratexia de busca combina os términos principais utilizando os operadores booleáns (Or, Not, e And) e truncados (*?), utiliza sinónimos, busca términos específicos nos tesauros da túa especialidade (moitas bd contan con tesauros específicos).

Exemplo:

Diagnóstico para a prevención de agresividad no medio escolar no alumnado de educación infantil e primaria no século XXI en España.

Linguas: español, portugués, inglés, francés e italiano.

Conflicto/conflictos/conflictivo	Medio escolar	Diagnóstico / diagnosis	España
Agresividade/agresiva-o	escola	Detección	
Violencia/violenta-o	Educación primaria	prevención	
Acoso escolar	Ensino primario		
Problemas de conducta	Educación infantil		

Dependendo do tipo de información que precises variará a fonte na que debes buscar. Tes unha relación de bases de datos na nosa **páxina web** (www.udc.es/biblioteca e www.educacion.udc.es/biblioteca) cunha somera explicación do que podes atopar en cada unha. Lembra que moitos destes recursos están subscritos pola túa universidade, que non son gratuítos, aínda que poderás **acceder en remoto** a eles, dende a tua casa utilizando as tuas credenciais universitarias. Existen recursos para buscar monografías, para artigos de revistas, teses, lexislación, normativa, específicos dunha materia e outros multidisciplinares, recursos en español e outros nos que a lingua de consulta é o inglés, os que ofrecen o texto completo do documento e aqueles que só ofrecen unha referencia bibliográfica... O máis seguro é que teñas que utilizar todos eles, pero é importante que o fagas sabendo qué é o que vas a atopar en cada un.



As bases de datos principais ás que acudirás son:

- **Bases de datos do CSIC** (ISOC). Base de datos bibliográfica do Consejo Superior de Investigaciones Científicas que recolle artigos de revistas especializadas españolas. Contén as seguintes subbases: Ciencia e Tecnoloxía (ICYT), Biomedicina (IME) e Ciencias Sociais e Humanidades (ISOC). Lingua

de consulta español.

- Dialnet. Un dos maiores portais bibliográficos de libre acceso, no que colaboran varias bibliotecas co obxectivo de dar maior visibilidade á literatura científica hispana. Recopila e facilita o acceso a contidos científicos, principalmente a través de alertas documentais. Además conta cunha base de datos exhaustiva, interdisciplinar e actualizada, que permite o depósito de contidos a texto completo.
- Web of Knowledge. Plataforma de acceso do ISI (Institute of Scientific Information). Integra os seguintes produtos
 - Web of Science (WOS)
 - Conference Proceedings Citation Index
 - Medline 1950-
 - JCR (Journal Citation Reports)
- Scopus. Scopus é unha base de datos que engloba a maior colección multidisciplinar de resúmenes, referencias e índices de literatura científica e técnica. As principais materias: Agricultura, Bioloxía, Química, Xeoloxía, Economía, Negocios, Enxeñería, Saúde, Ciencias da vida, Matemáticas, Física, Psicoloxía e Ciencias Sociais. Ademais é unha poderosa ferramenta de avaliación, xunto con Web of Knowledge (WOK), un valioso recurso para docentes e investigadores/as. Permite establecer medicións da produción
- ERIC. Promovida polo U.S. Department of Education, recolle as citas bibliográficas de artigos que son indizados e resumidos por *Resources in Education* (RIE) e *Current Index to Journals in Education* (CIJE). Base de datos bibliográfica de educación e ciencias afíns, con cobertura dende 1966. A plataforma utilizada para a súa consulta é Proquest que permite a consulta simultánea en todas as bases de datos subscritas con eles utilizando unha única interfaz. Pode seleccionar a linguaxe de consulta. Acceso restrinxido a ordenadores da UDC de libros, actas de congresos, etc. Lingua de consulta inglés.
- PSYCInfo. Publicada pola Asociación de Psicología AMericana. Referencias bibliográficas de todos os aspectos da psicoloxía, ademais dos aspectos da conducta de educación, medicina, socioloxía, dereito, administración e outros campos. Dende 1800. Lingua de consulta inglés. Máis de 2 millóns de rexistros, o 90% revisados, 3000 títulos de revistas.
- Medline. Medline Standard é a base de datos completa da U.S. National Library of Medicine dende 1966 ata o presente. Medline contén citas e resúmenes da literatura biomédica mundial, incluíndo investigación, práctica clínica, administración, políticas sanitaria e

servicios de saúde. Recolle artigos publicados en aproximadamente 3.400 revistas especializadas de 70 países. Recolle tamén capítulos e artigos de libros. Contén ademáis o Thesaurus MeSH (Medical Subject Headings).

- Sport Discus. contén máis de 415 publicacións a texto completo (xa indexadas previamente en SportDiscus). O acceso ás revistas dende 1985. A súa temática versa sobre diversas áreas do deporte, medicina deportiva, leis e lexislación deportiva, traballo con persoas discapacitadas, deseño e administración de instalacións deportivas, educación na saúde, psicoloxía do deporte, recreación ou turismo entre outros. Lingua de consulta inglés.

Tamén deberás utilizar buscadores web, polo que o mellor é que utilices os **buscadores científicos**, como google scholar ou scirus. Polo que se refire á procura en webs ou documentos que estean gratuítos na web, é moi importante que saibas **avaliar a información**, xa que, como ben sabes, non todo vale e se ben podes atopar información moi valiosa tamén é moita a que non ten valor científico nin credibilidade. Has de saber que existe moita información de libre acceso na web, avaliada, procedente de revistas científicas e con documentos de institucións académicas (teses, traballos...) depositados nos repositorios institucionais, é o chamado movento “**Open Access**”, como é o caso do RUC, repositorio da UDC.

Se ben nos recursos de open Access ou nas procuras nos buscadores científicos, moitos dos documentos estarán a texto completo en formato dixital, non ocorre o mesmo coa maioría das bases de datos, que só ofrecen unha referencia bibliográfica. Neste caso deberás buscar despois o documnto ao que se refiren, ben a través do noso xestor de enlaces SFX, que te levará directamente a el se temos contratado algún recurso que sí o teña, ou ben buscando no noso catálogo e, no seu defecto, utilizando o **servizo de préstamo interbibliotecario**.

b. CREAR ALERTAS INFORMATIVAS



O máis seguro é que durante o tempo que preparas o teu traballo a información que existe sobre o tema vaia medrando, que nas bases de datos e nos recursos que utilices para buscala aparezan

novos rexistros que se correspondan con novos documentos publicados, todas estas fontes actualízanse con rapidez e se tes que estar consultándoas a cotío podes desesperar. Tranquilidade, estás de sorte, xa que existen unas ferramentas que permitirán que actualices a túa información sen ter que repetir procesos, non terás máis que crear unha **alerta informativa**. E iso, que é?. Non é máis que a activación automática de novidades informativas dun tema, web, revista, estratexia de busca, cita... que poderás recibir no teu correo electrónico ou a través dunha RSS no teu agregador de rss. Existen moitos lectores gratuítos na web: Bloglines, Google Reader, Rojo, Netvibes. Ademáis o xestor de referencias bibliográficas, Refworks tamén dispón dun lector de RSS.

c. XESTIONAR A INFORMACIÓN.



Que facemos con todas as referencias bibliográficas que obteñamos das bases de datos, repositorios, buscadores científicos...?. O mellor é que as gardes todas nun xestor de referencias bibliográfico e a partir de ahí as organices. Existen moitos, algún incluso son gratuítos. Hai os que precisan unha instalación no teu ordenador e os que teñen acceso web. Na

UDC estamos subscritos a **Refworks**, de acceso web, dende calquera lugar, só coas tuas credenciais. Unha vez logueada/o poderás organizar as referencias en carpetas, compartilas con colegas, na rede social, citas nun texto e engadilas ao final como bibliografía, seleccionando o formato que desexes (APA, Vancouver, MLA...). Outros xestores que podes utilizar son: subscritos pola BUDC (Endnote -Web of Knoledge), de escritorio (Procite, Reference Manager), gratuítos (Connotea, Zotero -Mozilla Firefoks).

3. REDACTAR O TFG.



Cando teñas xa toda a información na que te vas a apoiar reunida poderás comezar a redacción do teu TFG. Selecciona primeiro as referencias que che interesan, busca os documentos e despois de deles con atención ponte máns á obra.

- a. **Organiza o tempo**, é importante que fagas unha planificación previa, incluso dende o principio. Existen algún xestores de tempo que te poden axudar, p.e. os diagramas de Gantt, ou o programa Pert.
 - i. Diagrama de Gantt. Ferramenta que nos permite crear un calendario de tarefas ou actividades. Existe un [video en youtube](#) con como crear un con excell. Fai fincapé no tempo que se tarda en realizar as tarefas.
 - ii. PERT (técnica de revisión e avaliación de programas). Fincapé nas relación entre as tarefas.
- b. Deberás **ter en conta**
 - i. Indicacións específicas do profesor/a
 - ii. As características do tipo de TFG elixido
 - iii. O que especifica a normativa
 - iv. Deberá ser entregado cunha copia en formato dixital
 - v. Extensión: determinada polo tutor/a
 - vi. Idioma: calquera dos idiomas empregados na impartición do grao
- c. Consulta **normativa, protocolos e códigos éticos** que poden afectar ao teu traballo.
- d. **Confidencialidade** e privacidade á hora de citar datos. Consentimientos escritos.
- e. Evitar o **plaxio**. Existen moitas ferramentas para detectar plaxio e é posible que os profesores que te van avaliar as coñezan e utilicen, así que se tes dúbidas de se “copiaches e pegaches” sen citar a fonte, non estaría demáis que o comprobases. Juan David Quiñónez ofrécenos unha recopilación con 12 detectores na web [“wwwwhat’s new”](#).
- f. **Estructura**
 - i. Portada: título, nome e apelido do autor/a, nome e apelido do titor/a, grao, facultade e universidade. Normas específicas para facela? (RUC)
 - ii. Índices. Contido, táboas, ilustracións, anexos.
 - iii. Adicatorias e agradecementos.
 - iv. Resume (abstract) e palabras clave.
 - v. Introducción. Unha presentación do proxecto.
 - vi. Texto do traballo, dividido en capítulos homoxéneos e numerados
 - vii. Conclusións

- viii. Bibliografía. Citar de forma normalizada todos os documentos consultados e utilizados para a realización do TFG. Utilidade os xestors bibliográficos.
- ix. Anexos. Documentos complementarios, instrumentos, normativas...
- g. **Utilidades:**
 - i. Procesador de textos
 - ii. “A nube” Google drive ou Dropbox
 - iii. Presentacións atractivas:
 - 1. de Office: Power point
 - 2. Ferramentas online: Prezi, Tumblecloud, Qwiki
 - iv. Imaxes copyleft.
 - 1. <http://www.sxc.hu>
 - 2. Morgue file <http://www.morguefile.com/>
 - 3. Open photo <http://theopenphotoproject.org/>
 - 4. Tamén Flick ten a opción de buscar só con licencia CC, hai que fixarse, está na busca avanzada.
 - 5. Outros:
http://multimedia.uoc.edu/~grf/index.php/Bancos_de_imagenes. Páxina da UOC
- h. Domina os teu **nervios**. Tes cursos no Cufie que te axudarán a falar en público, consulta a súa web.



4. PUBLICACIÓN DO TFG

Algúns dos traballos fin de grao vanse publicar no repositorio institucional da UDC ([RUC](#)), para facilitar o acceso e a recuperación do TFG deberás ter en conta os seguintes aspectos:

1. Darlle ao ficheiro pdf un nome que se corresponda con título do TFG.
2. No nome dos arquivos non debes utilizar espazos entre as palabras, acentos, maiúsculas e nin caracteres coma o ñ ou semellantes. É importante poñer a data do TFG no nome do ficheiro e empregar o guión baixo para no lugar de espazos entre as palabras do título. Por exemplo un TFG que se titule Educación infantil e TICs o nome do ficheiro podería ser: educacion_e_tics_2013.pdf
3. Poñer dentro do pdf os datos da portada do TFG (nome do autor, o título do traballo, o ano, etc).

4. Non poñer elementos de seguridade ao pdf como por exemplo un anticopia ou un contrasinal. Dificulta o tratamento do documento e ademáis é unha perda de tempo porque hai software que elimina este tipo de elementos.

Bibliografía

- Argudo, S., & Pons, A. (2012). *Mejorar las búsquedas de información*. Barcelona: Editorial UOC.
- Bartolomé, A. R. (., Ferrer i Cervero, V., (, Carmona, M., Soria, V., & Universitat de Barcelona. (2013). *El trabajo de fin de grado: Guía para estudiantes, docentes y agentes colaboradores*. Aravaca, Madrid: McGraw Hill.
- Biblioteca de la Universidad Carlos III de Madrid. (2012). Trabajo de fin de grado. Retrieved 12/05, 2012, from http://www.uc3m.es/portal/page/portal/biblioteca/aprende_usar/TFG
- Ferrer, V., & (es), Moisés Carmona y Vanessa Soria. (2013). *El trabajo de fin de grado : Guía para estudiantes, docentes y agentes colaboradores*. Madrid etc.: McGraw Hill-Interamericana de España.
- López Yepes, J. (2010). *Cómo se hace una tesis : Trabajos de fin de grado, máster y tesis doctorales*. México: Library Outsourcing Service.
- Maestre, M. d. M. C., & García, L. L. (2010). *Técnicas para hablar en público : Guía para una comunicación eficaz*. Oviedo: Protocolo.

Meneses Monroy, A., Pacheco del Cerro, E., Beneit Montesinos, J. V., & e-libro, C. (2011). *El trabajo de fin de grado como evaluador de las competencias profesionales del enfermero generalista* [. Madrid: Universidad Complutense de Madrid.

Muñoz Alonso López, G. (2012). *Estructura, metodología y escritura del trabajo de fin de máster* (2{487} ed.). Madrid: Escolar y Mayo.

Quiñonez, J. D. (2012). 12 recursos en línea para detectar plagio en escritos. Retrieved 12/05, 2012, from <http://www.whatsnew.com/2012/01/04/12-recursos-en-linea-para-detectar-plagio-en-escritos/>

Sanz, M. P. G., (coords), P. M. C., & Jiménez, F. C. (2012). *Guía práctica para la realización de trabajos fin de grado y trabajos fin de máster*. Murcia: Universidad de Murcia.

Servicio de Biblioteca de la Universidad de La Laguna. (2012). Cómo elaborar un trabajo. Retrieved 12/05, 2012, from http://www.ull.es/view/institucional/bbtk/Como_elaborar_un_trabajo/es

Universitat Politècnica de Catalunya. Servei de Biblioteques i Documentació. (2012). Cómo presentar un trabajo académico. Retrieved 12/05, 2012, from <http://bibliotecnica.upc.edu/es/content/como-presentar-un-trabajo-academico>

Warburton, N. (. (2012). *Cómo aprender a escribir*. Barcelona: Paidós.

Zozaya, L. (2012). Redacción de textos. Retrieved 12/05, 2012, from
<http://redaccion.hypotheses.org/>